


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

1-2 de xullo do 2023

XIII ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1

## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A celebración do domingo pasado puña diante de nós a importancia que cada un temos diante do Pai Deus, pois somos para El o máis importante.

Aínda sendo coñecedores disto, hoxe ante a morte do noso párroco Andrés, fáisenos difícil, como tantas e tantas veces, dar pasos no camiño da vida. É duro o sentimento que deixa en nós cada morte, pois aínda con toda a fe, deixa un pouso de desesperanza.

Nós cremos na vida, e iso si que hoxe ten que ser alento para todos. Cremos na vida, nesta, e na que confiamos nas mans dun Deus que é Pai e que nos quere ben.

Quizais as palabras do evanxeo de hoxe nos resulten algo duras, pero non se trata de desprezar á nosa familia e á nosa xente, senón de saber que hai que ser coherentes na nosa fe, e ela vainos levar a querer e aprezoar aínda máis a aquelas persoas que comparten connosco a vida.

2

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *A fe vivida axúdanos a valorar a todas as persoas que na vida acollen, que teñen tempo para os demais, tempo para visitar a un enfermo, tempo para coidar da terra, tempo para compartir na igrexa. Hoxe, agradecemosllo a Andrés, e queremos comprometer nos a vivir confiados e sen medos:*

### Monitor/a

➤ Comprometémonos con Xesús a vivir dende a actitude da acollida, intentando pornos sempre no lugar dos demais?

### SI, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por dar unha man a quen hoxe está cargando algunha cruz na vida?

### SI, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Xesús a vivir a fe sentindo a súa presenza nos máis necesitados e esquecidos?

### SI, COMPROMETÉMONOS

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, de todas as persoas que sofren, e do noso querido párroco Andrés. A todos, o Señor, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai as nosas preocupacións, e agradecemoslle o ben e o bo de todos estes anos vividos co noso párroco.*

*(silenzo)*

### Celebrante:

Deus, Noso Pai,  
co teu espírito de adopción  
fixéchesnos fillos da luz.  
Non permitas que os egoísmos  
e as comodidades nos alonxen de Ti,  
e do teu Fillo Xesús, sempre presente  
nos máis pequenos e necesitados.  
Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,  
Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *As Palabras de Xesús no Evanxeo de hoxe son para nós un motivo de esixencia na responsabilidade que temos con respecto a Deus e aos demais. Pois o camiñar da fe require camiñar na vida asemellándonos a Xesús. escoitemos.*

*Leccionario I A páx 215 2 Re 4,8-16 LECTURA*

## LECTURA DO SEGUNDO LIBRO DOS REIS

Un día que pasaba Eliseo por Xunam, unha muller rica porfioulle que quedase a xantar. Desde aquela, cada vez que pasaba por alí, detíñase a comer. A muller díxolle ao seu home:

- "Escoita, eu sei que ese home de Deus, que pasa sempre por aquí, é un santo varón. Podíámoslle preparar arriba no faiado un cuarto pequeno, cunha cama, unha mesa, unha cadeira e un candeeiro, para que poida descansar, cando pase por onda nós".

Un día que Eliseo pasaba por alí, retirouse ao cuarto e durmiu nel. Pero Eliseo insistiu:

- "Que se pode facer por ela?".

Guehazí dixo:

- "Unha cousa: ela non ten fillos, e o seu home é vello".

Entón dixo Eliseo:

- "Chama por ela".

El chamouna, e ela presentouse onda a porta. Eliseo anuncioulle:

- "O ano que vén, por estas datas, terás un fillo no colo".

### Palabra do Señor

🎵 *Escoita ao Señor*

**SALMO**

(en pé) *Leccionario I A pág 216 Mt 10,37-42 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolle Xesús aos seus apóstolos:

- Quen ama a seu pai ou a súa nai máis que a min, non é digno de min. E quen ame a seu fillo ou a súa filla máis que a min non é digno de min. E quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min. Quen trate de conservar a vida, perderaa; pero quen a dea por min, ese conservaraa.

Quen vos recibe a vós, recíbeme a min; e quen me recibe a min, recibe ao que me mandou. Quen recibe a un profeta por ser profeta, terá recompensa de profeta; quen recibe a un xusto por ser xusto, terá recompensa de xusto. E quen dea de beber a un destes pequenos, anque soamente sexa un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio  
para acoller a palabra no corazón



## *Para pensar e ler a xeito de homilía*

*Xesús, que nos ensina hoxe?*

*\* Ensina que seguir o evanxeo esixe coherencia, esixe radicalidade. O evanxeo non acomoda, ao contrario, acarrexo cruz, acarrexo traballo, dificultade, facéndose imprescindible aprezalo e darlle vida cos feitos das nosas mans. E todo esforzo vale a pena.*

*Este evanxeo tamén fala da gratificación de facer as cousas ben. A recompensa de quen se atreve a dar vida.*

*Hoxe agradecemos esa vida e esa fe compartida co noso párroco Andrés. Quizais o mellor recordo que del poidamos ter é o esforzo que fixo por participar con todos na vixilia pascual deste ano. A sufrimento e a dor non llo puxo fácil aquela noite, pero el quixo compartir aquela Pascua e Resurrección. Valeu a pena.*



## **PROFESIÓN DA FE**

***Celebrante*** *Neste encontro parroquial, sabendo Pai que Ti sempre estás á nosa beira, queremos ser acolledores na nosa comunidade, en Os Cotos, con toda a Igrexa e con toda a humanidade. Dicimos:*

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a:***

***Credes en Deus, Pai que nos creou á súa imaxe, que nos ama a todas as persoas tendo aos máis pequenos e necesitados coma os seus preferidos?***

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a atopalo nos demais?***

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirnos unha comunidade na que todos somos importantes e necesarios?***

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na Igrexa, comunidade que anuncia o amor que proclama o perdón e que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven acollendo aos demais, e así acollemos a Xesús?***

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos a Deus Pai, que nos quere ben, se achega a nós e convídanos a que o fagamos mellor cos demais. Oremos dicindo:*

**Señor, confiamos en Ti**

**Monitor/a:**

- ✓ Pedimos por Andrés, o noso párroco, agradecendo todo o que na súa vida valeu a pena. Oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que coma el están pasando horas de dor e sufrimento, para que atopen mans á súa beira que lles dea alivio, aínda que só sexa cun vaso de auga como nos di Xesús no evanxeo de hoxe. Oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que se adican a traballar polos máis desfavorecidos e empobrecidos da nosa sociedade, para que sigan dándonos exemplo. Oremos
- ✓ Para que non teñamos medo a poñer coherencia nas palabras e nos feitos da vida en paz. Oremos
- ✓ Polos Cotos, para que sexamos comunidades e parroquias onde cadaquén se sinta na súa casa, capaces de reconstruír a sociedade nestes momentos nos que cada un vai ao seu e pode o individualismo. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor por estar á nosa beira escoitándonos e acolléndonos.*

*Sentíndonos nas túas mans louvámoste a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Dirixámonos agora ao Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar, e con Xesús anunciémolo como aquel que nos quere ben. Recémolo coa mesma oración que tantas veces Andrés rezou con nós*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Xesús dános paz coas súas palabras. Que aprendamos a ser transmisores desa mesma paz para con todos. Especialmente lembramos neste momento a persoas que coñecemos e que por unhas ou outras razóns están necesitadas de paz. Compartímola coma irmáns.*

**Celebrante:** *Na nosa celebración da fe compartimos coma comunidade. Participar hoxe é amosar que somos acolledores con todos.*

*Xesús non nos deixa sos, ao contrario, convídanos. Ditosos nós por poder participar na mesa do banquete do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 55 **No colo da miña nai**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:** Señor, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida nos din con palabras e feitos que acoller e esforzarse polos demais vale a pena.

Grazas por todas as persoas nas que atopamos a Xesús, e seguen loitando por liberar das súas cruces aos demais en vez de cargarllas ás costas.

Todo cho agradecemos a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

*Con Xesús queremos acoller porque todas as vidas valen a pena*

*porque vivir non consiste en cargarlle cruces aos demais*

*porque a recompensa da vida é ser coherentes no camiño de facer crible o evanxeo facendo ben sen esperar nada a cambio.*



*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*

**“Quen vos recibe a vós, recíbeme a min. Quen recibe a un profeta por ser profeta, terá recompensa de profeta; quen recibe a un xusto por ser xusto, terá recompensa de xusto. E quen dea de beber a un destes pequenos, anque soamente sexa un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa”**

***Avísase das misas (ver folla do mes)***

***E dicir que o vindeiro mércores ás oito da tarde na igrexa de Fornelos, Os Cotos imos compartir a fe na lembranza agradecida ao noso párroco Andrés.***

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

***Podémonos ir en paz***